

ENTIDADES QUE SE PODEN INSCRIBIR

Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, todas aquelas asociacións de interese social sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais (de ámbito municipal) que teñan a súa sede en Ames e exerzan a súa actividade no ámbito xeográfico do Concello, nos termos previstos na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA A INSCRIPCIÓN

- Documentación acreditativa da finalidade da Asociación
 - Documentación acreditativa da data de Constitución
 - Copia Estatutos (orixinal e copia cotexada polo Concello)
 - Tarxeta de Identificación Fiscal, expedida pola Axencia Tributaria (deberá constar o domicilio no Termo Municipal de Ames.
 - Acta Fundacional
 - Declaración de ter a sede en Ames e exercer a actividade no ámbito xeográfico do Concello.
 - Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia e noutros rexistro públicos (orixinal e copia cotexada polo Concello)
 - Acta da directiva actual.
 - Datos dos membros da directiva (nome e apelidos, teléfono, dirección, número DNI, e-mail, etc)
 - Certificación de número de socios
 - Certificación do orzamento para o ano en curso e do programa de actividades para o mesmo.
- ** Toda a documentación que se achegue mediante fotocopias de documentos, deberá ser compulsada nas oficinas municipais.

OBRIGAS DAS ASOCIACIÒNS INSCRITAS

Nos sucesivos anos ao da súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, as entidades inscritas deberán comunicar aos órganos municipais competentes a variación ou modificación dos datos sinalados na documentación achegada para a inscrición, no prazo máximo de dous meses a contar dende a variación ou modificación.

Aquelas asociacións que non concorran ás convocatorias de subvencións municipais, ou non teñan asinado ningún convenio co Concello, presentarán un orzamento e un plan de actividades anuais. Quen non faga en dúas anualidades consecutivas causarán baixa no rexistro.